



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

**Literatura medieval
en linguas vernáculas**

Profesores

Esther Corral Díaz (coordinación)

Elvira Fidalgo Francisco

Emilio González Miranda

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2021/2022



9. Parigi, BNF, ms. fr. 854, f. 49: il trovatore Perdigon.

FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: Esther Corral Díaz, Elvira Fidalgo Francisco, Emilio González Miranda,

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: *Literatura medieval en linguas vernáculas* (P5091105)
- Tipo de materia: obrigatoria
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Cuadrimestre: 1º cuadrimestre
- Prerrequisitos recomendados:
 - Boa disposición cara á lectura e ao comentario de textos.
 - Capacidade de ler en linguas diferentes, co auxilio, cando sexa posible, de edicións bilingües para as fontes primarias.
 - Lectura das fontes primarias de bibliografía (antoloxía de textos e fragmentos de obras, que se facilitará no Campus Virtual ou a través de fotocopias antes do inicio das clases expositivas).
- Profesores que a imparten (indicando a área de coñecemento á que están adscritos):

Dra. Esther Corral Díaz (Filoloxía Románica) (coordinación)

Dra. Elvira Fidalgo Francisco (Filoloxía Románica)

Dr. Emilio González Miranda (Filoloxía Alemá)

- Lingua(s) en que se imparte: castelán e galego (dependendo dos alumnos)
- Horas e lugar de titorías:

Dra. Esther Corral Díaz

Dcho. 225 (Facultade de Filoloxía)

Titorías: Por determinar. [e-mail: esther.corral@usc.es]

Dra. Elvira Fidalgo Francisco

Dcho. 207 (Facultade de Filoloxía)

Titorías: Por determinar. [e-mail: elvira.fidalgo@usc.es]

Dr. Emilio González Miranda

Dcho. 332 (F. de Filoloxía)

Titorías: Por determinar [e-mail: emilio.gonzalez.miranda@usc.es]

- Páxina web recomendada: [web propia](#)
- Calendario e horario detallado de clases (indicando lugar de impartición):
 26, 27 de outubro;
 2, 3, 8, 9, 10, 15, 16, 17, 22, 23, 24, 29, 30 de novembro;
 1, 13, 14, 15, 20, 21 de decembro
 de 16:00-18:00 h.
 Aula (Facultade de Filoloxía).

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A materia pretende proporcionar aos alumnos un estudo histórico-comparado da literatura medieval europea das tradicións románica e xermánica durante o período que abrangue desde os inicios dos primeiros textos escritos en lingua vulgar ata o descubrimento da imprenta (séculos IX- XV), atendendo aos xéneros literarios e textos máis importantes. Para iso farase fincapé 1) na importancia da época, dado que nestas coordenadas espazo-temporais se produce a xénese e evolución das principais tipoloxías modernas, 2) na visión da produción literaria medieval como un conxunto unitario na que son evidentes as relacións entre as distintas áreas, así como entre as diversas tipoloxías que se están desenvolvendo.

Dentro do itinerario do máster esta materia ten como obxectivo principal a formación literaria en linguas vernáculas dos alumnos no período medieval, a través do estudo dos textos e autores máis importantes, completando a visión literaria que se realiza no primeiro cuatrimestre en *Cultura escrita en latín na Idade Media* e a perspectiva histórico-artística en *Europa Medieval. Perspectiva histórico-social e Historia da arte*. Ademais, contribúe a sentar as bases de materias optativas que os estudantes poden cursar no segundo cuatrimestre como *Mundo clásico na Idade media*, *Mitos e figuras do imaxinario medieval*, *O mundo clásico na Idade Media*, *Sociedade medieval e Cultura cortés* ou *Viaxes e peregrinacións*.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

- Proporcionar aos alumnos unha visión sólida do nacemento e evolución da literatura medieval en linguas vernáculas no ámbito europeo.

- Mostrar as condicións e circunstancias nas que comezan a aparecer textos escritos en “lingua vulgar”, prestando atención ás dificultades atopadas polos escribas para representar nos moldes establecidos para o latín as novas realidades fonéticas.
- Estudar a produción literaria medieval europea desde unha óptica unitaria que porá de manifesto unha serie de analoxías e diferencias que serán analizadas de forma histórico-comparada.
- Estudar o nacemento, características e conformación/evolución dos principais xéneros literarios (épica, lírica, narrativa e teatro).

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

1. CARACTERÍSTICAS DA LITERATURA MEDIEVAL. OS PRIMEIROS TEXTOS LITERARIOS EN LINGUAS VERNÁCULAS.

2. ÉPICA MEDIEVAL NO CONTEXTO EUROPEO.

- Características tipolóxicas.
- A épica francesa e a *Chanson de Roland*
- A épica no ámbito xermánico: *Beowulf*, *Cantar dos Nibelungos* e ‘sagas heroicas’.

3. LÍRICA E POESÍA MEDIEVAL

- A lírica trobadoresca e as súas características. Principais líricas europeas.
- Pervivencia e transformacións do trobadorismo na poesía medieval
- Dante: *Vita nuova*
- Petrarca e o petrarquismo europeo.

4. NARRATIVA EXTENSA MEDIEVAL. O concepto 'roman'. Características tipolóxicas.

4.1. O *roman antique*.

4.2. A ‘materia de Bretaña’ na literatura medieval europea:

- A materia artúrica en Francia.
- As adaptacións da materia artúrica no ámbito xermánico.
- A materia tristaniana na literatura francesa.
- Adaptacións da materia tristaniana no ámbito xermánico.

4.3. A narrativa alegórica: A *Divina Comedia* de Dante A., *Libro de Buen Amor* de Juan Ruiz.

5. A NARRATIVA BREVE MEDIEVAL: características e evolución

- *Vidas e razós*
- *Novas, nouvelles, lais*
- *Novelle: Decameron* de Boccaccio
- Contos moralizantes: *El conde Lucanor* de D. Juan Manuel
- *Os fabliaux*
- O xénero do *Märe* na literatura alemá e as súas principais tendencias
- A narrativa breve inglesa: Chaucer e *Os Contos de Canterbury*

6. TEATRO MEDIEVAL.

7. OUTROS XÉNEROS (HISTORIOGRAFÍA, ENCICLOPEDISMO, LITERATURA DE VIAXES)

5. BIBLIOGRAFÍA

A bibliografía está dividida en varios apartados atendendo ás fontes primarias e secundarias que se poden consultar sobre a materia.

5.1. Lecturas recomendadas

Antología del Minnesang. Selección, traducción, prólogo y notas biográficas de Bernd Dietz, Madrid, Hipérion, 1981.

Beowulf y otros poemas anglosajones (siglos VII-X), L. Lerate (trad.), Madrid, Alianza Editorial, 1998.

Boccaccio, *El Decamerón*, ed. de M^a Hernández Esteban, Madrid, 1994.

Brea, M. (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1996, 2 vols.

Brunetto Latini. Tesor, a cura di P. G. Beltrami et alii, Torino, Einaudi, 2007.

Cantar de los Nibelungos. Edición de E. Lorenzo Criado, Madrid, Cátedra, 2003⁴.

Chrétien de Troyes, Lanzarote o el caballero de la carreta, traducción de C. García Gual y L. A. de Cuenca, Barcelona, Labor, 1976.

- *Lanzarote ou o cabaleiro da carreta*, tradución de S. Gutiérrez García, Vigo, Edición Xerais, 2001.
- *El Libro de Perceval (o El cuento del Grial)*, J. M. Lucía Megías (trad.), Madrid, Gredos, 2000.

Dante, *La Divina Comedia*, A. Echeverría (ed.), Alianza, Madrid, 1995.

Edda Mayor, L. Lerate (ed.), Madrid, Alianza, 1986.

- Eilhart von Oberg. Gottfried von Strassburg. Tristán e Isolda*, V. Millet y B. Dietz (trads.), Madrid, Siruela, 2001.
- El Cantar de Mio Cid*, A. Montaner (ed.), Barcelona, Crítica, 1993.
- El teatro de Adam de la Halle. Le Jeu de la Feuillée, Le Jeu de Robin et Marion*, Palacios Bernal, C. - Martínez Pérez, A. (trads.), Murcia, Universidad, 1989.
- Fabliaux. Cuentos franceses medievales*, F. de Casas (ed. y trad.), Madrid, Cátedra, 1997.
- Francesco Petrarca. Cancionero*, A. Crespo (trad.), Madrid, Alianza Editorial, 1995.
- Geoffrey Chaucer. Cuentos de Canterbury*, P. Guardia (trad.), Madrid, Cátedra, 1995.
- Hartmann von Aue. Erec*. Pról. de J. M. Zarandona, introd. de M. E. Montero, traduc. y notas de E. Parra Membrives, Valladolid, Universidad, 2004.
- Hartmann von Aue. Iwein*, trad., estudio y notas por Víctor Millet, Barcelona, PPU, 1989.
- Jaime I. Libro de los hechos*, trad. J. Butiña Jiménez, Madrid, Gredos, 2003.
- Juan Ruiz, Arcipreste de Hita, *Libro de buen amor*, Anthony N. Zahareas - Óscar Pereira Nazo, eds., Akal, 2009.
- La Chanson de Roland*, I. de Riquer (trad.), Madrid, Gredos, 1999.
- La leyenda de Tristan e Iseo*, I. de Riquer (ed.), Madrid, Siruela, 1995.
- Lázaro Carreter, F., *Teatro medieval*, Madrid, Castalia, 1986.
- Le Roman d'Eneas / La novela de Eneas*, A. M. Holzbacher (trad.), Memini - Presses Universitaires de France, Roma - Paris, 1999.
- Locus amoenus. Antología de la lírica medieval de la Península Ibérica (latín, hebreo, mozárabe, provenzal, galaico-portugués, castellano y catalán*, ed. bilingüe, C. Alvar - J. Talens (eds.), Barcelona, Galaxia Gutenberg, 2009.
- Los Fabliaux*, Josefa López Alcáraz (ed. y trad.), 3 vols., Murcia, Universidad, 1990-2003.
- Marco Polo, *Libro de las maravillas del mundo*, ed. de M. Carrera Díaz, Madrid, Cátedra, 2013 (1ª ed. 2008).
- Poesía de cancionero*, A. Alonso (ed.), Madrid, Cátedra, 1991.
- Poesía de trovadores, trouvères y Minnesinger*, C. Alvar (trad.), Madrid, Alianza Editorial, 1982.
- Saga de los Volsungos*, Javier E. Díaz Vera (trad.), Madrid, Gredos, 1998.
- Saga de Teodorico de Verona*, M. González Campo (ed.), Madrid, La Esfera de los Libros, 2010.
- Sir Gawain y el Caballero Verde*, L.A. Cuenca et al. (eds.), Madrid, Siruela, 2001.
- Snorri Sturluson. Edda Menor*, L. Lerate (ed.), Madrid, Alianza, 1983.
- Wolfram von Eschenbach. Parzival*. ed. a cargo de Antonio Regales, Epílogo de René Nelli, Madrid, Siruela, 2001².

5.2. Bibliografía fundamental

- Auerbach, E., *Mimesis. La representación de la realidad en la literatura occidental*, Mexico, 1975.
- Beltrami, P., *La filologia romanza*, Bologna, 2017.
- Boitani, P., et alii (coords.), *Lo spazio letterario del Medioevo. 2: Il Medioevo volgare*, 5 vols. *La produzione del testo*, Roma, 1999-2002.
- Brugnolo, F. – Capelli, R., *Profilo delle letterature romanze medievali*, Roma, 2011.
- Bumke, J., *Courtly culture: Literature and Society in the High Middle Ages*, Berkeley 1991.
- Clover, Carol J./ Lindow, John (eds.), *Old-Norse – Icelandic Literature: a critical guide*, Ithaca, 1985.
- Curtius, E. R., *Literatura europea y Edad Media latina*, Madrid, 1976 (2ª reimpr.).
- Di Girolamo, C. di, *La letteratura romanza medievale*, Bologna, 1994.
- Gally, M. - Ch. Marchello-Nizia, *Littératures de l'Europe médiévale (textes choisis)*, Paris, Magnard, 1985.
- Galván Reula, F., *Literatura inglesa medieval*, Madrid, 2001.
- Gibbs, M. E. - Johnson, S. M. (eds.), *Medieval German Literature*, New York/ London, 1997.
- Greenfield, S. - Calder, D.G., *A New Critical History of Old English Literature*. New York, 1986.
- Haug, W., *Vernacular literary Theory in the Middle Ages. The German Tradition, 800-1300, in its European context*, Cambridge, 1997.
- Jauss, H. R. - Köhler, E., *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, vol. I, (Généralités), Heidelberg, 1972.
- Meneghetti, M.L., *Le origini delle letterature medievali romanze*, Bari, 1999 (2ª ed.).
- Parra Membrives, E., *Literatura medieval alemana*, Madrid, 2002.
- Pulsiano, P. - Treharne, E. (eds.), *A Companion to Anglo-Saxon Literature*, Blackwell, 2001.
- Pulsiano, P. (ed.), *Medieval Scandinavia: an encyclopedia*, New York, 1993.
- Riquer, M. de., *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona, 1989-92, 3 vols.
- Ruud, J., *Encyclopedia of medieval literature*, New York, 2006.
- Selig, M. et alii, *Le passage à l'écrit des langues romanes*, Tübingen, 1993.
- Suard, F., *Guide de la chanson de geste et de sa posterité littéraire (XI-XV siècle)*, Paris, 2011.
- Trapp, J. B. (ed.), *Medieval English literature*, New York, 1973.
- Vàrvaro, A., *Literaturas románicas de la Edad Media*, Barcelona, 1983.
- Wallace, D. ed., *The Cambridge History of Medieval English Literature*, Cambridge, 1999.
- Ward, A.W. ed., *The Cambridge History of English Literature*, Cambridge, 1966-1969.

Zumthor, P., *La lettre et la voix. De la 'littérature' médiévale*, Paris, 1987.

Zumthor, P., *La medida del mundo*, Madrid, 1994.

5.3. Bibliografía complementaria

Agrafojo Blanco, H., *O contexto histórico e literario da poesía escrita en inglés antigo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1999.

Allegri, L., *Teatro e spettacolo nel medioevo*, Bari, Laterza, 1988.

Alvar, C. - Gómez Moreno, A., *La poesía lírica medieval*, Madrid, Taurus, 1987.

Alvar, C. - Lucía Megías, J.M., *Diccionario filológico de literatura medieval española: textos y transmisión*, Madrid, Castalia, 2002.

Alvar, C., *El rey Arturo y su mundo: diccionario de mitología artúrica*, Madrid, Alianza, 1991.

Aubailly, J. C., *Le théâtre médiéval profane et comique*, Paris, Honoré Champion, 1975.

Barrow, W.R.J., *The Arthur of the English: The Arthurial Legend in medieval English Life and Literature*, Cardiff, University of Wales Press, 2001.

Bédier, J., *Les Fabliaux: études de littérature populaire du moyen âge*, Paris, H. Champion, 1969².

Beonio-Brochieri Fumagalli, M. T., *Le enciclopedia dell'Occidente medievale*, Loescher, Torino, 1981.

Bertolucci, V. - C. Alvar - S. Asperti, *L'area iberica. Storia delle letterature medievali romanze*, Roma-Bari, Laterza, 1999.

Bravo García, A., *Los lays heroicos y los cantos épicos cortos en inglés antiguo*, Oviedo, Universidad, 1998.

Carrai, S., - Inglese, G., *La letteratura italiana nel Medioevo*, Roma, Carocci, 2008.

Cirlot, V., *Figuras del destino. Mitos y símbolos de la Europa medieval*, Madrid, Siruela, 2005.

Conde Silvestre, J. C., *Crítica literaria y poesía elegíaca anglo-sajona: Las Ruinas, El Exiliado Errante y El Navegante*, Murcia, Universidad, 1994, pp. 57-95; pp. 123-138.

Doel, F., *Worlds of Arthur: King Arthur in History, Legend and Culture*, Gloucestershire, Tempus, 1998.

Drumbl, J., *Il teatro medievale*, Il Mulino, Bologna, 1989.

Fenzi, E. (ed.), *Commenti sul Canzoniere di Francesco Petrarca*, Salerno Ed., Roma, 1993.

Gómez Redondo, F. (ed.), *Edad Media: Juglaría, Clerecía y Romancero*, Barcelona, Crítica, 1996.

Gómez Redondo, F., *Historia de la prosa medieval castellana*, Madrid, Cátedra, 1998-2007, 4 vols.

- Hasty, W. (ed.), *A companion to Gottfried von Straßburg's Tristan*, Rochester/ New York, Camden House, 2003.
- Hasty, W. (ed.), *A companion to Wolfram's Parzival*, Columbia, Camden House, 1999.
- Jackson, W. H., *Chivalry in twelfth-century Germany: the works of Hartmann von Aue*, Cambridge, D. S. Brewer, 1994.
- Jones, M. H., *Chrétien de Troyes and the German Middle Ages*, Cambridge, D. S. Brewer, 1983.
- Krömer, W., *Formas de la narración breve en las literaturas románicas hasta 1700*, Gredos, Madrid, 1973.
- Lacarra, M^a Jesús (ed.), *Cuento y novela corta en España*, prólogo de M. Chevalier, Barcelona, Crítica, 1999.
- Lacarra, M^a Jesús, *Don Juan Manuel*, Madrid, Síntesis, 2006.
- Lannutti, M. S., *La letteratura italiana del Duecento. Storia, testi e interpretazione*, Roma, Carocci, 2009.
- Lazzerini, M. A., *Letteratura medievale in lingua d'oc*, Modena, Mucchi Editore, 2001.
- Liborio, M. - Giannetti, A., *La letteratura provenzale medievale: antologia di testi*, Roma, Carocci, 2004.
- Liborio, M. A. - De Laude, S., *La letteratura francese medievale*, Roma, Carocci, 2002.
- Mancini, M., *La letteratura francese medievale*, Bologna, Il Mulino, 1997.
- McConell, Winder (ed.), *A companion to the Nibelungenlied*, Columbia, Camden House, 1998.
- Ménard, Ph., *Les Fabliaux: Contes à rire du Moyen Age*, Paris, Presses Universitaires de France, 1983.
- Millet, V., *Héroés de libro. Poesía heroica en las culturas anglogermánicas medievales*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2007.
- Murdoch, Br. - Read, M. (eds.), *Early Germanic Literature and Culture*, Rochester/ New York, Camden House, 2004.
- Murdoch, Br. (ed.), *German literature of the early Middle Ages*, Rochester/ New York, Camden House, 2004.
- Nykrog, P., *Les Fabliaux*, Genève, Droz, 1973.
- Olivares Merino, E.M., *Del amor, los caballeros y las damas. Hacia una caracterización de la cortaysye en Sir Gawain and the Green Knight*, Jaén, Universidad, 1998.
- Ónega, S., "Poesía épica anglosajona: Beowulf", en J. F. Galván Reula, *Estudios literarios ingleses. Edad Media*, Madrid, Cátedra, 1985, pp. 17-42.
- Parra Membrives, E., *Lírica cortesana alemana: Minnesang*, Madrid, Síntesis, 2006.
- Pérez Priego, M. A., *Teatro medieval*, Madrid, Cátedra, 2009.
- Picone, M. (ed.), *Il racconto*, Il Mulino, Bologna, 1989.
- Picone, M. (ed.), *L'enciclopedismo medievale*, Longo, Ravenna, 1994.

- Picone, M., "Il Decameron", en F. Brioschi – C. di Girolamo (eds.), *Manuale di Letteratura Italiana. Storia per generi e problemi* Bollati Boringhieri, Torino, 1993, pp. 625-654.
- Real, E., *La épica medieval francesa*, Madrid, Síntesis, 2002.
- Ribémont, B., *Littérature et encyclopédies du Moyen Âge*, Paradigme, Orléans, 2002.
- Riquer, M. de, *Les chansons de geste françaises*, Paris, Nizet, 1957.
- Santagata, M., "Petrarca: Il Canzoniere", en F. Brioschi – C. di Girolamo (eds.), *Manuale di Letteratura*, cit., pp. 375-396.
- Segre, C., "Le forme e le tradizioni didattiche", en *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, t. VI / 1, I y II, 1970, pp. 58-145.
- Vila de la Cruz, M.P., "El mundo de Chaucer en *The Canterbury Tales*", en L. A. Lázaro et al. *Medieval Studies. Proceedings of the IIIrd International Conference of the Spanish Society for Medieval English Language and Literature*, Alcalá de Henares, Universidad, 1994, pp. 267-274.
- Whitaker, M. A., *The Legends of King Arthur in Art*, Cambridge, D.S. Brewer, 1995.

Bibliografía sobre / en formato electrónico:

- Lucía Megías, J.M., *Literatura románica en internet: los textos*, Madrid, Castalia, 2002.
- , *Literatura románica en internet: las herramientas*, Madrid, Castalia, 2006.
- <http://labyrinth.georgetown.edu/> (Textos medievales ingleses en formato electrónico)

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

- Coñecemento da xénese e consolidación das literaturas europeas a través da presentación dun panorama xeral da aparición e evolución dos distintos xéneros literarios.
- Información sobre os soportes materiais dos textos literarios.
- Capacidade para relacionar manifestacións literarias en linguas diferentes dada a súa matriz común, o que permitirá verificar máis tarde os trazos específicos de cada tradición.
- Capacidade de análise crítica de textos literarios medievais.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

As clases teóricas están dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto da programación. Para as explicacións utilizaranse os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) oportunos. Dado que as sesións presenciais dispoñibles non permiten tratar en profundidade todos os temas do programa, para unha parte deles facilitaranse esquemas e referencias bibliográficas que sirvan de guía para unha correcta contextualización dos contidos e para facilitar unha aprendizaxe autónoma.

As clases prácticas orientaranse á lectura e á análise de textos medievais en linguas vernáculas que sirvan de modelo dos contidos teóricos estudados, dando a coñecer os instrumentos necesarios para a actividade académica e investigadora no ámbito dos estudos medievais (edicións, dicionarios, repertorios, bases de datos, etc.). Estas clases prácticas estarán dirixidas polo profesor, pero buscarán a participación activa dos estudantes, tanto no desenvolvemento e resolución de exercicios realizados colectivamente na aula, como na preparación persoal dun traballo individual.

O alumno deberá elaborar **un traballo escrito individual** sobre un tema monográfico, que seleccionará da relación proposta polos docentes que figura nesta guía, ou que propondrá libremente ao seu titor (sempre en relación cos temas do programa), quen decidirá sobre a súa viabilidade despois de reunirse cos restantes docentes da materia. Os profesores dirixirán un número similar de traballos, pero todos eles serán corrixidos e cualificados polo conxunto dos docentes da materia. A versión final do traballo deberá ser entregada ao seu director antes do día **14 de xaneiro de 2022**, e, ademais, deberá ser enviada **por correo electrónico** aos outros profesores da materia.

As titorías realizaranse individualmente a cada alumno, ao que se orientará bibliográfica e metodoloxicamente na realización do traballo.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Todos os alumnos deben participar nas clases presenciais, lendo e analizando os textos que se presentan na aula, aportando os seus comentarios e observacións persoais aos temas que explica o profesor ou realizando comentarios de texto indicados previamente. Todos deberán ler as fontes primarias de bibliografía recomendadas polos profesores e que serán colgadas no Campus Virtual. A asistencia será controlada polos docentes pasando lista de xeito oral ou ben a través de sinaturas. Calquera falta será xustificada polo alumno ante o profesor correspondente e, no caso de que as ausencias xustificadas superen as 2 horas, o estudante deberá acordar co docente unha actividade compensatoria, que consistirá en comentarios de textos vistos en clase ou nunha lectura particular dun artigo ou capítulo de libro.

Esta parte (asistencia, lectura, participación activa e realización de comentarios) suporá o **30 %** da cualificación total da materia valorando especialmente a calidade e pertinencia das intervencións. A cualificación do traballo individual (entregado antes do 14 de xaneiro do 2022), pola súa parte, equivalerá ao **70%** restante.

Os alumnos que se presenten a segunda convocatoria serán avaliados do mesmo xeito que na primeira tendo en conta a participación activa e comentarios realizados durante o curso (30% da nota) e o traballo individual (70% da nota). O traballo debe ser entregado antes do **15 de xuño de 2022**.

A avaliación para os alumnos que teñan dispensa oficial de asistencia e para alumnos repetidores realizarase a través dun traballo individual, titorizado por un profesor da materia que neste caso terá unha extensión de 15 páxinas, e dunha recensión dunha lectura especializada.

Os estudantes que repitan a materia poderán acollerse ao sistema de avaliación previsto para os alumnos con dispensa oficial de asistencia, se así o desexan e o poñen en coñecemento da coordinadora da materia antes do inicio das clases.

Nos traballos das materias do máster debe evitarse toda forma de plaxio e, mesmo, de autoplaxio. É dicir, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros, aínda que sexan da autoría do mesmo estudante.

Terase, polo tanto, especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial), dun parágrafo porase en coñecemento do estudante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da materia a consideración dos casos particularmente ambiguos.

9. OBSERVACIÓNS

PLAN DE CONTINXENCIA para docencia non presencial:

METODOLOXÍA

(1) Escenario 2: distanciamento

En caso de que a docencia presencial sexa parcialmente suspendida por peche do centro, as clases serán impartidas de forma telemática e síncrona a través da plataforma Teams. Estas clases serán controladas mediante diversos mecanismos para comprobar que existe seguimento das explicacións teóricas e prácticas por parte dos estudantes. Ademais, proporanse actividades prácticas en función da progresión acadada nos contidos das clases expositivas.

Os profesores facilitarán materiais de aprendizaxe para a realización das tarefas interactivas e para o traballo monográfico, que será colgado no Campus Virtual (ou ben enviado de forma particular por correo electrónico).

As canles de comunicación e seguimento dos alumnos estableceranse a través do correo electrónico e a través dos foros contemplados no Campus Virtual. As titorías realizaranse de forma telemática a través da plataforma Teams.

(2) Escenario 3: Peche de instalacións

O desenvolvemento da materia seguirá os mesmos parámetros que se contemplan no escenario 2. Utilizarase para as clases a plataforma Teams e os materiais para as explicacións serán postos a disposición dos alumnos a través do Campus Virtual.

AVALIACIÓN

(1) Escenario 2: distanciamento

O sistema de avaliación será o mesmo que no escenario presencial, así como os criterios de valoración. As actividades encomendadas serán entregadas de forma escrita a través do correo electrónico. O traballo monográfico deberá ser enviado por correo electrónico a todos os profesores da materia (data de entrega 14 de xaneiro 2022).

(2) Escenario 3: Peche de instalacións

Séguese a forma de avaliación exposta nos escenarios 1 e 2. En cuanto á valoración do traballo persoal e participación mantense o sistema de porcentaxes de cualificación contempladas nos escenarios 1 e 2. O traballo monográfico debe ser entregado nas mesmas condicións.

10. CRONOGRAMA do desenvolvemento da materia

26 de outubro: PRESENTACIÓN. Tema 1 Prof^a Esther Corral

27 de outubro: épica: Prof. Emilio González

2 de novembro: épica Prof^a Emilio González

3 de novembro: épica Prof^a Esther Corral

8 de novembro: épica / lírica Prof^a Esther Corral

9 de novembro: lírica: Prof^a Esther Corral

10 de novembro: lírica: Prof. Emilio González

15 de novembro: lírica: Prof^{aa}. Elvira Fidalgo

16 de novembro: *Vita Nuova*: Prof. Elvira Fidalgo

17 de novembro: Petrarca: Prof^a Elvira Fidalgo

22 de novembro : historiografía / enciclopedismo: Prof^a Esther Corral

23 de novembro: teatro / literatura de viaxes: Prof^a Esther Corral

24 de novembro: narrativa extensa: Prof. Emilio González

29 de novembro: narrativa alegórica: Profª Elvira Fidalgo

30 de novembro : narrativa alegórica: Profª Elvira Fidalgo

1 de decembro: narrativa extensa: Prof. Emilio González

13 de decembro: narrativa breve: Profª Esther Corral

14 de decembro: narrativa breve: Prof. Emilio González

15 de decembro: narrativa breve: Prof. Emilio González

20 de decembro: narrativa breve: Profª Elvira Fidalgo

21 de decembro: narrativa breve: Profª Elvira Fidalgo

11. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

É recomendable que os alumnos lean **antes do inicio das clases** as fontes primarias de textos que os profesores facilitarán previamente mediante fotocopias ou arquivos colgados no Campus Virtual.

As Profªs Esther Corral e Elvira Fidalgo encargaranse das partes da materia relacionadas coas tradicións literarias románicas (galega, portuguesa, castelá, catalá, francesa, occitana e italiana). As seccións literarias inglesa e alemá serán impartidas polo Prof. Emilio González.

12. RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS

1. O marco narrativo no *Decameron* e / ou en *El Conde Lucanor* (Profª Fidalgo).
2. O espazo e o tempo na *Comedia* (Profª Fidalgo).
3. A representación do heroe /ou a representación da figura rexia na *Chanson de Roland* (Profª Corral).
4. A *Chanson de Roland* e a súa relación coa historia (Profª Corral).

5. A violencia na *Chanson de Roland* (Profª Corral).
6. A poética bélica na *Cantar do Mio Cid* /ou na *Ch. de Roland* (Profª Corral).
7. Poética das paixóns nas cantigas de escarnio (Profª Corral)
8. A crítica social nas cantigas de escarnio (Profª Corral).
9. Os acontecementos históricos a través das cantigas de escarnio (Profª Corral).
10. Voces de mulleres nas cantigas de amigo (Profª Corral).
11. A percepción da misoxinia nas cantigas de escarnio / nalgún relato de narrativa breve (Profª Corral).
12. A perspectiva de xénero a través das cantigas (Profª Corral).
13. O repertorio das cantigas de escarnio de Alfonso X (Profª. Corral).
14. Gawan e as mulleres no *Parzival* de Wolfram von Eschenbach (Prof. González).
15. Formas e resolucións do adulterio nos *fabliaux* (Prof. González).
16. Moral e comicidade na narrativa breve (Prof. González).
17. As sagas de cabaleiros na literatura nórdica (Prof. González).
18. Importancia e significado da figura de *Sigune* no *Parzival* de Wolfram von Eschenbach (Prof. González).
19. A historia de *Riwalin e Blanche-flur* no *Tristan* de Gottfried von Strassburg (Prof. González).
20. A tradición nibelunga na literatura nórdica (Prof. González).
21. O amor no *Lancelot* e no *Tristán* (Prof. González).
22. Estratexias retóricas do *Libro de Buen Amor* (Profª Fidalgo).
23. A visión do “cotián” na narrativa breve (contos e/ou milagres) (Profª Fidalgo).
24. Perceval: aventura e perfección cabaleiresca (Prof. González).
25. A tradición artúrica na literatura inglesa (Prof. González)
26. A monstruosidade no *Beowulf* (Prof. González).

27. Os poemas heroicos nas *Edda Maior* (Prof. González).
28. Mitoloxía nórdica nas *Edda* (Prof. González).
29. Texto e imaxe nos bestiarios na tradición literaria medieval (Profª Corral).
30. A historiografía hispánica en relación coa historiografía en linguas vernáculas (Profª Corral).
31. As particularidades da historiografía catalá (Profª Corral).

Recomendacións para a realización do traballo monográfico individual

En función do tema da súa elección, cada estudante traballará baixo a tutela dun dos profesores da materia, e dispoñerá de prazo ata o día que aparece fixado na guía docente (**14 de xaneiro** ou **15 de xuño de 2022** en segunda oportunidade) para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que deberá aterse ás seguintes pautas:

- Trátase dun traballo de **iniciación á investigación**, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudo.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: **doce** folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10). Marxes: superior e inferior de 2'5 cm., dereita e esquerda 3 cm.
- Coidarase de xeito especial a **redacción** e a **puntuación**.
- Non pode faltar un índice ao principio do traballo, nin unha breve introdución que explique os obxectivos que persegue.
- BIBLIOGRAFÍA: ao final do traballo, de acordo cun dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial.
 - Apelido, N. (ano), "título", *revista*, vol., pp.

Apelido, N. (ano), "título", *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.

b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano.

Apelido, N., "título", *revista*, vol., ano, pp.

Apelido, N., "título", *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.

- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé abreviadas:

a) Apelido, ano: pp.

b) Apelido, *tít. abrev.*, pp. (despois de ter realizada a primeira cita completa do estudo).

Valorarase a **redacción correcta** e a **exposición ordenada** dos contidos.